

IDM Sistemas Energéticos. S.L.



"Trátase dun sector emerxente polo que hai que apostar"

María Cristina Díaz Sanz

Datos básicos

Actividade:	Proxectos e instalacións para enerxías renovables
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	3
Inversión inicial	18.000€
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios.
Web:	www.idm-energia.com
Municipio:	Lugo, Lugo
Ano creación:	2003

Descrición do proxecto

IDM Sistemas Energéticos, S.L. desenvolve a súa actividade principalmente dentro do sector das enerxías renovables, ademais de outras áreas de traballo; poñendo a disposición do cliente a oportunidade de levar a cabo, de forma integral, calquera proxecto dentro das seguintes áreas:

- Enerxías renovables: solar fotovoltaica, solar térmica e eólica de baixa potencia
- Instalacións de calefacción
- Instalacións eléctricas de baixa tensión
- Instrumentación, automatización e control industrial

En todos os proxectos, abarcamos dende o deseño, dirección de obra, subministro e montaxe, ata a posta en marcha e mantemento.



Datos empresa

Claves do éxito

- Experiencia no sector: os dous socios traballamos impartindo cursos de enerxías renovables para o concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), nos que se realizaron instalacións reais. Isto axudounos a adquirir coñecementos técnicos específicos en aplicacións destes tipos de enerxías.
- Referencias: froito desta experiencia, conseguimos acadar un punto de referencia dentro do sector das enerxías renovables, o cal foi moi importante para darnos a coñecer. Ademais, estes traballos nos permitiron establecer contactos coa Administración, en especial có INEGA, e nos facilitaron a introducción no sector.
- Calidade do noso servizo: é imprescindible, sobre todo nunha área de traballo pouco desenvolvida aínda coma é o caso das enerxías renovables, ofrecer un servizo de calidade e desenvolver instalacións fiables que afiancen a confianza do usuario e axuden a consolidar este mercado incipiente.
- Clasificación da iniciativa empresarial como ILE. Na fase de implantación, foi moi importante para a empresa recibir axudas financeiras do concello de Lugo.
- Programa de iniciativas empresariais da Fundación CEL: a integración nos viveiros de empresa da fundación, o asesoramento dos técnicos e o seu apoio constantes, foron fundamentais no éxito do proxecto e na confianza en nós mesmos e na nosa iniciativa.

Situación actual

A empresa está orientada principalmente a instalacións de enerxías renovables, pero este sector aínda non está o suficientemente desenvolvido, por elo nos dedicamos a outras actividades como instalacións eléctricas ou de calefacción. Outro dos motivos de ampliar o noso abanico de servizos é que o mercado das enerxías renovables é moi estacional, debido aos prazos de solicitudes de axudas.



Datos empresa

Perfil cliente

Actualmente temos dous tipos de clientes: particulares e Administración:

- Vivendas unifamiliares que realizan unha instalación solar térmica para produción de auga quente sanitaria e calefacción
- Puntos illados da rede eléctrica que precisan abastecemento e, debido ao elevado custo que, por distancia, suporía conectarse a un punto da rede, recorren á alternativa dunha instalación solar fotovoltaica ou un pequeno aeroxerador
- Instalacións solares de conexión á rede para venta de enerxía eléctrica promovidas por un particular
- Canto á Administración, o INEGA no seu fomento das enerxías renovables ou nalgúns concellos que realizan instalacións solares en xeral, especialmente instalacións solares térmicas para a climatización de piscinas municipais, xa que permiten obter un importante aforro sobre o consumo de enerxía convencional.

Principales dificultades y amenazas futuras

A maior dificultade é a dependencia do sector das enerxías renovables das subvencións que para este tipo de instalacións dispón a Administración. Elo obríganos a xestionar as axudas aos nosos clientes, así como depender dos seus prazos de solicitude e resolución para poder executar as instalacións.

Outro problema engadido é non saber con exactitude a contía da axuda que o cliente vai recibir, o que en ocasións da lugar a fenómenos de especulación no sector.

Tamén é importante destacar a falta de normativas concretas por parte da Administración, que obríguen ao uso destas enerxías. Neste respecto, temos confianza en que este tipo de normativas comecen a regular o sector nun futuro inmediato.

Canto ó financiamento, o investimento inicial foi asumible e ata o de agora non temos atopado maior problema para o noso tamaño. No entanto, un aumento importante do noso volume de negocio ou un impago puntual, poderían supoñer unha ameaza, pois acadar financiamento suplementario podería ser complicado.

Perfil promotores

M^a Cristina Díaz é enxeñeira técnica industrial, especialidade electricidade. Aporta experiencia profesional en formación sobre electricidade e enerxías renovables e nunha empresa de equipos de iluminación, realizando traballos de prescrición de produtos en enxeñerías e arquitecturas.

A empresa conta con outro socio máis.



Aptitudes necesarias

Introducirmos nun sector no que aínda somos poucos foi relativamente sinxelo. Pero consideramos fundamental contar con capacitación técnica especializada, ademais de estar abertos a unha reciclaxe constante.

Guía de Actividad

Energías renovables (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona **Dedicarme ao que me gusta**
O reto que supón

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Sí, un curso sobre técnicas de negociación de INGAFOR.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Creemos que pode ser de moita axuda contar con formación específica en planificación empresarial, pero no noso caso non é imprescindible.

Anecdotario

Non dispoñible.

